



1. Identificación da programación

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36013448	Manuel Antonio	Vigo	2024/2025

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
SAN	Sanidade	CD3SAN000200	Próteses dentais	Ciclos formativos de grao superior	Réxime xeral-ordinario

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0855	Próteses completas	2024/2025	6	187	187
MP0855_12	Articulación dentaria, enceramento e polimerización de próteses completas	2024/2025	6	157	157
MP0855_22	Compostura e rebaseamentos das próteses completas removibles de resina	2024/2025	6	30	30

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	RUT BAÑOS LOJO
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión equipo directivo



2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

Este módulo profesional contén a formación necesaria para desempeñar as funcións de elaboración e reparación de próteses completas de resina, asegurando a calidade, a prevención, a seguridade e a protección.

A definición destas funcións abrangue aspectos como:

- Realización de montaxes de proba en próteses desdentadas totais.
- Procesamento de próteses completas.
- Selección e execución de técnicas de talla.
- Realización do puimento e o abrillantamento da prótese.
- Reparación e confección de rebasamentos de próteses removibles de resina.

Estas persoas exercen a súa actividade profesional no sector sanitario; en empresas privadas ou en institucións asistenciais; como fabricante de produtos sanitarios dentais á medida en laboratorios de prótese dental, como traballador autónomo ou por conta allea; en empresas da industria dental, como fábricas proveedoras de materiais e maquinaria, ou en depósitos dentais, participando nas actividades de formación específicas da empresa. Tamén pode desenvolver a súa actividade no campo da investigación tecnolóxica, dentro de empresas do sector dental e na industria dental impartindo cursos básicos ou avanzados sobre novos materiais e novas técnicas, estando a actividade sometida á regulación pola Administración sanitaria estatal.

As ocupacións e os postos de traballo máis salientables son os seguintes:

- Técnico/a superior en Próteses Dentais.
- Técnico/a especialista en Próteses Dentais.
- Responsable técnico/a dun laboratorio de Prótese Dental.
- Comercial/responsable na industria dental ou depósitos dentais.
- Responsable técnico/a en departamentos de investigación e desenvolvemento de produtos na industria dental.

3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	Preparación para as montaxes de proba en próteses desdentadas totais.	Realización de vaciados ideais en xeso 2 e xeso 3 para realizar a marcaxe das zonas, planchas base de cera, cubeta individual, plancha base de truwax e realización de rodets.	67	36
2	Montaxes de proba en próteses desdentadas totais.	Se montan os modelos no articulador, se realiza a placha base en cera rosa e se realiza o enfilado e encerado.	64	30
3	Procesado das próteses completas.	Se realiza o enmuflado repasado e acabado.	20	14



**ANEXO XIII
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS**

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
4	Remontaxe e tallado das próteses completas.	Se estuda a remontaxe e tallado das próteses.	2	2
5	Repaso e puimento de próteses completas. Control de calidade	Se estuda o acabado das próteses.	8	3
6	Reparacion de próteses removibles de resina.		9	6
7	Confección de rebasamentos en próteses removibles de resina.		9	6
8	Prevención de riscos laborais e protección ambiental.		8	3

4. Por cada unidade didáctica

4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	Preparación para as montaxes de proba en próteses desdentadas totais.	67

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Realiza montaxes de proba en próteses desdentadas totais, identificando a posición das pezas dentarias.	NO

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Baleiráronse os modelos a partir dunha impresión.
CA1.1.1 Diferenciáronse os distintos tipos de baleirado
CA1.1.2 Confeccionáronse os distintos tipos de baleirado
CA1.2 Zocoláronse os modelos.
CA1.3 Elaboráronse as placas de resina.



Criterios de avaliación
CA1.3.1 Elaboráronse as placas base en distintos materiais.
CA1.3.2 Estudiáronse as placas base de diversos materiais
CA1.4 Analizáronse as referencias dos roletes para a montaxe no articulador.
CA1.4.1 Descríbense as referencias dos roletes para a montaxe no articulador.
CA1.4.2 Confeccionáronse os roletes para a montaxe no articulador.
CA1.5 Montáronse os modelos no articulador.
CA1.5.2 Descríbense as formas de montaxe de modelos no articulador
CA1.6 Determinouse os trazos anatómicos dos maxilares edéntulos.
CA1.6.1 Determináronse os trazos anatómicos dos maxilares edéntulos.
CA1.6.2 Sinaláronse os trazos anatómicos dos maxilares edéntulos.
CA1.10 Deseñáronse as bases das próteses.
CA1.14 Realizouse o procedemento con precisión, orde e método.

4.1.e) Contidos

Contidos
Tipos de cubetas.
OTécnicas de montaxe.
Xesos dentais e baleiramento de modelos.
Zocoladores e os seus usos.
Placas base.



Contidos
Placas base en cera rosa. Placas base en resina fotopolimerizable. Placas base en truwax. Roletes de articulación. Trazos anatómicos dos maxilares edéntulos. Límites funcionais das bases dunha prótese completa.

4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	Montaxes de proba en próteses desdentadas totais.	64

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Realiza montaxes de proba en próteses desdentadas totais, identificando a posición das pezas dentarias.	NO
RA3 - Realiza a remontaxe e a talla das próteses completas, seleccionando as técnicas da talla selectiva.	NO

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.5 Montáronse os modelos no articulador.
CA1.5.1 Realizouse a montaxe dos modelos no articulador
CA1.7 Seleccionáronse os dentes artificiais.
CA1.8 Montáronse os dentes no maxilar superior.



Criterios de avaliación
CA1.8.1 Montáronse os dentes no maxilar superior.
CA1.8.2 Estudiáronse as directrices para a montaxe de dentes no maxilar superior.
CA1.9 Montáronse os dentes no maxilar inferior.
CA1.9.1 Montáronse os dentes no maxilar inferior.
CA1.9.2 Estudiáronse as directrices para a montaxe de dentes no maxilar inferior.
CA1.10 Deseñáronse as bases das próteses.
0 CA1.10.1 Explicouse o deseño das bases das próteses.
0 CA1.10.2 Realizouse o deseño das bases das próteses.
CA1.11 Modeláronse as bases das próteses.
CA1.11.1 Realizouse o modelado das bases das próteses.
CA1.11.2 Deseñouse o modelado das bases das próteses.
CA1.12 Modeláronse os contornos cervicais dos dentes artificiais.
CA1.12.1 Deseñouse o modelado dos contornos cervicais dos dentes artificiais.
CA1.12.2 Realizouse o modelado dos contornos cervicais dos dentes artificiais.
CA1.13 Preparáronse as montaxes de proba para a súa colocación na boca.
CA1.14 Realizouse o procedemento con precisión, orde e método.
CA3.2 Remontáronse os modelos no articulador.
CA3.2.2 Realizouse o remontado dos modelos no articulador.



Criterios de avaliación
CA3.6 Talláronse os contactos prematuros en oclusión céntrica.
CA3.6.2 Fíxose o tallado selectivo dos contactos prematuros en oclusión céntrica.
CA3.7 Talláronse vertentes e fosas nas cúspides dos grupos posteriores en lateralidade.
CA3.7.2 Fíxose o tallado de vertentes e fosas nas cúspides dos grupos posteriores en lateralidade.
0CA3.10 Realizouse o procedemento con precisión, orde e método.

4.2.e) Contidos

Contidos
0Técnicas de montaxe. Deseño e modelaxe das bases dunha prótese completa. Oclusión en próteses completas. Modelaxe de contornos dentais. Placas base. Dentes artificiais. Selección de dentes artificiais. Criterios que cómpre ter en conta para a detección de erros de articulación. Corrección das alteracións da oclusión mediante a técnica de talla selectiva no articulador: máxima intercuspidadación en relación céntrica, lateralidade e protrusión.

4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	Procesado das próteses completas.	20



4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Procesa as próteses completas, con interpretación das técnicas de empaquetaxe de resina.	SI
RA3 - Realiza a remontaxe e a talla das próteses completas, seleccionando as técnicas da talla selectiva.	NO
RA4 - Repasa e púe próteses completas, interpretando os procedementos técnicos de acabado.	NO

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.1 Valórase a idoneidade da montaxe de proba.
CA2.1.1 Estúdóronse as maneiras de comprobar a idoneidade da montaxe de proba.
CA2.2 Realízase a modelaxe definitiva das próteses.
CA2.2.1 Representouse a modelaxe definitiva das próteses.
CA2.2.2 Analízase a modelaxe definitiva das próteses.
CA2.3 Confeccionouse a mufla cos modelos mestres.
CA2.3.1 Estudouse a confección da mufla cos modelos mestres.
CA2.3.2 Demostrouse a confección da mufla cos modelos mestres.
CA2.4 Elimínase a cera da mufla e a contramufla.
CA2.4.1 Explicouse a eliminación da cera da mufla e a contramufla.
CA2.4.2 Realízase a eliminación da cera da mufla e a contramufla.
CA2.5 Confeccionáronse retencións aos dentes artificiais.



Criterios de avaliación
CA2.5.1 Realizouse a confección de retencións aos dentes artificiais.
CA2.5.2 Explicouse a confección de retencións aos dentes artificiais.
CA2.6 Vernizáronse todas as superficies de xeso en mufla e contramufla.
CA2.7 Prensouse e inxectouse a resina.
CA2.7.1 Explicáronse os procesos de prensado e inxección da resina.
CA2.7.2 Aplicáronse os procesos de prensado e inxección da resina.
CA2.8 Polimerizouse a resina.
CA2.8.1 Describiuse o proceso de polimerización da resina.
CA2.8.2 Realizouse o proceso de polimerización da resina.
CA2.9 Cumpríronse os criterios de calidade en cada paso do procedemento.
CA3.1 Recuperáronse as próteses das muflas.
CA3.3 Comprobáronse as posibles variacións no proceso de enmuflaxe.
CA3.3.2 Realizouse a comprobación das posibles variacións no proceso de enmuflaxe.
CA3.9 Comprobouse o reaxuste da oclusión.
0CA3.10 Realizouse o procedemento con precisión, orde e método.
CA4.1 Retiráronse as próteses dos modelos mestres.
CA4.2 Rebaixáronse as próteses en longo e grosor ata os límites funcionais.
CA4.3 Modelouse nas próteses a forma das raíces dentarias.



Criterios de avaliación
CA4.3.1 Realizouse o modelado nas próteses a forma das raíces dentarias.
CA4.5 Puíronse as próteses.
CA4.5.1 Realizouse o pulido nas próteses
CA4.6 Abrillantáronse as próteses.
CA4.6.1 Realizouse o abrillantado das próteses
CA4.7 Comprobouse o acabado das próteses.
CA4.8 Realizouse o procedemento con precisión, orde e método.

4.3.e) Contidos

Contidos
Placas base.
Placas base en resina termopolimerizable.
Preparación de próteses completas para enmuflaxe.
0Proceso de empaquetaxe ou inxección da resina acrílica.
Proceso de polimerización da resina acrílica.
Proceso para desenmuflar as próteses.
Fenómenos derivados do proceso de polimerización.
Técnicas de colocación da prótese encerada na mufla.
Resinas de uso odontolóxico en prótese removible: tipos e características.
Compoñentes dunha resina acrílica.
Mestura dunha resina acrílica.



Contidos
Métodos de polimerización de resinas. Procedementos para eliminar a cera. Vernices separadores. Preparacións para a retención dos dentes. Consecuencias dos cambios dimensionais durante o proceso de polimerización e a presenza de contactos prematuros. Corrección das alteracións da oclusión mediante a técnica de talla selectiva no articulador: máxima intercuspidadación en relación céntrica, lateralidade e protrusión. Elementos rotativos para o repaso e o puimento das próteses acrílicas: materiais, formas e técnica. Materiais abrasivos para o puimento de próteses acrílicas. Elementos rotativos e materiais de abrillantamento. Técnicas de puimento e abrillantamento.

4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	Remontaxe e tallado das próteses completas.	2

4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Realiza a remontaxe e a talla das próteses completas, seleccionando as técnicas da talla selectiva.	NO

4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA3.2 Remontáronse os modelos no articulador.
CA3.2.1 Explicouse o remontado dos modelos no articulador.



Criterios de avaliación
CA3.3 Comprobáronse as posibles variacións no proceso de enmuflaxe.
CA3.3.1 Explicáronse as posibles variacións no proceso de enmuflaxe.
CA3.5 Realizouse o axuste das próteses nos modelos.
CA3.6 Talláronse os contactos prematuros en oclusión céntrica.
CA3.6.1 Estudouse o tallado selectivo dos contactos prematuros en oclusión céntrica.
CA3.7 Talláronse vertentes e fosas nas cúspides dos grupos posteriores en lateralidade.
CA3.7.1 Definiuse o tallado de vertentes e fosas nas cúspides dos grupos posteriores en lateralidade.
CA3.8 Talláronse vertentes e fosas nas cúspides dos grupos posteriores en protrusión.

4.4.e) Contidos

Contidos
Consecuencias dos cambios dimensionais durante o proceso de polimerización e a presenza de contactos prematuros. Papel de articular: tipos e técnica de aplicación. Criterios que cómpre ter en conta para a detección de erros de articulación. Corrección das alteracións da oclusión mediante a técnica de talla selectiva no articulador: máxima intercuspidadación en relación céntrica, lateralidade e protrusión.

4.5.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
5	Repaso e puimento de próteses completas. Control de calidade	8



4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Realiza a remontaxe e a talla das próteses completas, seleccionando as técnicas da talla selectiva.	NO
RA4 - Repasa e púe próteses completas, interpretando os procedementos técnicos de acabado.	NO

4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA3.4 Seleccionouse as condicións de fresaxe.
CA4.3 Modelouse nas próteses a forma das raíces dentarias.
CA4.3.2 Estudáronse os tipos de modelado nas próteses a forma das raíces dentarias.
CA4.4 Seleccionáronse materiais e maquinaria para o puimento e abrillantamento.
CA4.5 Puíronse as próteses.
CA4.5.2 Estudáronse os tipos de pulido nas próteses
CA4.6 Abrillantáronse as próteses.
CA4.6.2 Estudáronse o abrillantado das próteses

4.5.e) Contidos

Contidos
Elementos rotativos para o repaso e o puimento das próteses acrílicas: materiais, formas e técnica.
Materiais abrasivos para o puimento de próteses acrílicas.
Elementos rotativos e materiais de abrillantamento.
Técnicas de puimento e abrillantamento.



4.6.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
6	Reparacion de próteses removibles de resina.	9

4.6.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Repara próteses removibles de resina, para o que identifica os tipos de compostura.	SI

4.6.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Determinouse o tipo de rotura na prótese.
CA1.2 Identificouse o tipo de reparación que cumpra realizar.
CA1.3 Baleirouse o modelo de escaiola ou silicona.
CA1.4 Fixáronse os fragmentos, as pezas dentarias e os ganchos na prótese.
CA1.5 Enceráronse as partes necesarias.
CA1.6 Incluíronse os dentes necesarios.
CA1.7 Confeccionouse unha chave de escaiola ou silicona.
CA1.8 Preparáronse as superficies de resina para a súa unión.
CA1.9 Preparouse e aplicouse a mestura de acrílico autopolimerizable.
CA1.10 Establecéronse as condicións de presión, temperatura e tempo da polimerizadora.
CA1.11 Repasouse, puíuse e abrillantouse a zona reparada.



Criterios de avaliación
CA1.12 Realizouse o procedemento con precisión, orde e método.

4.6.e) Contidos

Contidos
Tipos de reparacións: técnicas, materiais e equipamentos. Tipos de composturas. Técnicas de confección de reparacións. Materiais e equipamentos.

4.7.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
7	Confección de rebasamentos en próteses removibles de resina.	9

4.7.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Confecciona rebaseamentos en próteses removibles de resina, e describe os procedementos técnicos.	SI

4.7.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.1 Baleirouse en escaiola a impresión da base da dentadura.
CA2.2 Confeccionouse a chave de posición e dimensión vertical sobre o modelo colocado no articulador.



Criterios de avaliación
CA2.3 Acondicionouse a base da dentadura.
CA2.4 Vernizouse a superficie do modelo.
CA2.5 Preparouse e aplicouse a mestura de acrílico autopolimerizable.
CA2.5.1 Realizouse a preparación e aplicación da mestura de acrílico autopolimerizable.
CA2.5.2 Estudouse a maneira de preparar e aplicar o acrílico nos casos de rebaseamentos.
CA2.6 Establecéronse as condicións de presión, temperatura e tempo da polimerizadora.
CA2.7 Repasouse, púíuse e abrillantouse a zona reparada.
CA2.8 Comprobouse o axuste das próteses.
CA2.9 Realizouse o procedemento con precisión, orde e método.

4.7.e) Contidos

Contidos
Tipos de rebaseamentos.
Técnicas: método directo e indirecto.
Materiais e equipamentos.

4.8.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
8	Prevención de riscos laborais e protección ambiental.	8



4.8.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Cumpre as normas de prevención de riscos laborais e de protección ambiental, e identifica os riscos asociados, así como as medidas e os equipamentos para os previr.	SI

4.8.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA3.1 Identifícanse os riscos e o nivel de perigo que supón a manipulación de materiais, instrumental e aparellos do taller.
CA3.2 Descríbense as medidas de seguridade e de protección persoal e colectiva que cumpra adoptar na execución de operacións na área de prótese dental.
CA3.3 Identifícanse as causas máis frecuentes de accidentes na manipulación de materiais, instrumental e equipamentos de traballo.
CA3.4 Valoráronse a orde e a limpeza das instalacións e dos equipamentos como primeiro factor de prevención de riscos.
CA3.5 Clasifícanse os residuos xerados para a súa retirada selectiva.
CA3.6 Cumpriuse a normativa de prevención de riscos laborais e de protección ambiental nas operacións realizadas.

4.8.e) Contidos

Contidos
Identificación de riscos.
Prevención e protección colectiva.
Normativa reguladora da xestión de residuos.
Clasificación e almacenamento de residuos.
Tratamento e recollida de residuos.
Cumprimento da normativa de prevención de riscos laborais.
Cumprimento da normativa de protección ambiental.



Contidos
Métodos e normas de orde e limpeza.
Compromiso ético cos valores de conservación e defensa do patrimonio ambiental e cultural da sociedade.
Xestión ambiental.
Determinación das medidas de prevención de riscos laborais.
Normativa de prevención de riscos laborais en prótese dental.
Factores e situacións de risco.
Factores físicos da área de traballo.
Factores químicos da área de traballo.
Sistemas de seguridade aplicados ás máquinas e os equipamentos.
Seguridade no taller de próteses.
Medios e equipamentos de protección individual.

5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

MÍNIMOS ESIXIBLES PARA OBTENIR UNHA VALORACIÓN POSITIVA:

UNIDAD FORMATIVA 1

UD1

CA1.1.1 - Diferenciáronse os distintos tipos de baleirado.

CA1.1.2 - Confeccionáronse os distintos tipos de baleirado.

CA1.3.1 - Elaboráronse as placas base en distintos materiais.

CA1.3.2 - Estudiáronse as placas base de diversos materiais.

CA1.4.1 - Describíronse as referencias dos roletes para a montaxe no articulador.

CA1.4.2 - Confeccionáronse os roletes para a montaxe no articulador.



CA1.5.2 - Describíronse as formas de montaxe de modelos no articulador

CA1.6.1 - Determináronse os trazos anatómicos dos maxilares edéntulos.

CA1.6.2 - Sinaláronse os trazos anatómicos dos maxilares edéntulos.

CA1.10 - Deseñáronse as bases das próteses.

CA1.14 - Realizouse o procedemento con precisión, orde e método.

UD2

CA1.5.1 - Realizouse a montaxe dos modelos no articulador.

CA1.7 - Seleccionáronse os dentes artificiais.

CA1.8.1 - Montáronse os dentes no maxilar superior.

CA1.8.2 - Estudiáronse as directrices para a montaxe de dentes no maxilar superior.

CA1.9.1 - Montáronse os dentes no maxilar inferior.

CA1.9.2 - Estudiáronse as directrices para a montaxe de dentes no maxilar inferior.

CA1.10.1 - Explicouse o deseño das bases das próteses.

CA1.10.2 - Realizouse o deseño das bases das próteses.

CA1.11.1 - Realizouse o modelado das bases das próteses.

CA1.11.2 - Deseñouse o modelado das bases das próteses.

CA1.12.1 - Deseñouse o modelado dos contornos cervicais dos dentes artificiais.

CA1.12.2 - Realizouse o modelado dos contornos cervicais dos dentes artificiais.

CA1.14 - Realizouse o procedemento con precisión, orde e método.

CA3.6.2 - Fíxose o tallado selectivo dos contactos prematuros en oclusión céntrica.

CA3.7.2 - Fíxose o tallado de vertentes e fosas nas cúspides dos grupos posteriores en lateralidade.

CA3.10 - Realizouse o procedemento con precisión, orde e método.

UD3

CA2.1.1 - Estudáronse as maneiras de comprobar a idoneidade da montaxe de proba.

CA2.2.1 - Representouse a modelaxe definitiva das próteses.

CA2.2.2 - Analizouse a modelaxe definitiva das próteses.

CA2.3.1 - Estudouse a confección da mufla cos modelos mestres.



CA2.3.2 - Demostrouse a confección da mufla cos modelos mestres.
CA2.4.1 - Explicouse a eliminación da cera da mufla e a contramufla.
CA2.4.2 - Realizouse a eliminación da cera da mufla e a contramufla.
CA2.5.1 - Realizouse a confección de retencións aos dentes artificiais.
CA2.5.2 - Explicouse a confección de retencións aos dentes artificiais.
CA2.6 - Vernizáronse todas as superficies de xeso en mufla e contramufla.
CA2.7.1 - Explicáronse os procesos de prensado e inxección da resina.
CA2.7.2 - Aplicáronse os procesos de prensado e inxección da resina.
CA2.8.1 - Describiuse o proceso de polimerización da resina.
CA2.8.2 - Realizouse o proceso de polimerización da resina.
CA2.9 - Cumpríronse os criterios de calidade en cada paso do procedemento.
CA3.1 - Recuperáronse as próteses das muflas.
CA3.3.2 - Realizouse a comprobación das posibles variacións no proceso de enmuflaxe.
CA3.9 - Comprobouse o reaxuste da oclusión.
CA3.10 - Realizouse o procedemento con precisión, orde e método.
CA4.1 - Retiráronse as próteses dos modelos mestres.
CA4.2 - Rebaixáronse as próteses en longo e grosor ata os límites funcionais.
CA4.3.1 - Realizouse o modelado nas próteses a forma das raíces dentarias.
CA4.5.1 - Realizouse o pulido nas próteses.
CA4.7 - Comprobouse o acabado das próteses.
CA4.8 - Realizouse o procedemento con precisión, orde e método.

UD4

CA3.2.1 - Explicouse o remontado dos modelos no articulador.
CA3.3.1 - Explicáronse as posibles variacións no proceso de enmuflaxe.
CA3.5 - Realizouse o axuste das próteses nos modelos.
CA3.6.1 - Estudouse o tallado selectivo dos contactos prematuros en oclusión céntrica.
CA3.7.1 - Definiuse o tallado de vertentes e fosas nas cúspides dos grupos posteriores en lateralidade.



UD5

CA3.4 - Seleccionouse as condicións de fresaxe.

CA4.3.2 - Estudáronse os tipos de modelado nas próteses a forma das raíces dentarias.

Seleccionáronse materiais e maquinaria para o puimento e abrillantamento.

CA4.5.2 - Estudáronse os tipos de pulido nas próteses.

CA4.6.2 - Estudáronse o abrillantado das próteses.

UNIDAD FORMATIVA 2

UD6

CA1.1 - Determinouse o tipo de rotura na prótese.

CA1.2 - Identificouse o tipo de reparación que cumpra realizar.

CA1.4 - Fixáronse os fragmentos, as pezas dentarias e os ganchos na prótese.

CA1.5 - Encheráronse as partes necesarias.

CA1.8 - Preparáronse as superficies de resina para a súa unión.

CA1.9 - Preparouse e aplicouse a mestura de acrílico autopolimerizable.

CA1.10 - Establecéronse as condicións de presión, temperatura e tempo da polimerizadora.

CA1.11 - Repasouse, puíuse e abrillantouse a zona reparada.

CA1.12 - Realizouse o procedemento con precisión, orde e método.

UD7

CA2.3 - Acondicionouse a base da dentadura.

CA2.4 - Vernizouse a superficie do modelo.

CA2.5.1 - Realizouse a preparación e aplicación da mestura de acrílico autopolimerizable.

CA2.5.2 - Estudouse a maneira de preparar e aplicar o acrílico nos casos de rebasamentos.

CA2.6 - Establecéronse as condicións de presión, temperatura e tempo da polimerizadora.

CA2.7 - Repasouse, puíuse e abrillantouse a zona reparada.

CA2.8 - Comproboouse o axuste das próteses.



CA2.9 - Realizouse o procedemento con precisión, orde e método.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN:

Todas as calificacións numéricas de proba práctica estableceranse sobre 10 (de 0 a 10 puntos).

A puntuación mínima para superar a materia do módulo será de 5.

A NOTA FINAL será a media ponderada de cada parte de tódalas unidades didácticas. Non se fará media con avaliacións suspensas.

Non se aplicará ningún tipo de redondeo nas notas tanto parciais como finais. A nota reflexada será a do número enteiro.

A avaliación final realizarase mediante:

Parte teórica (30%). Parte práctica (60%). Avaliación de traballo e orde no laboratorio (10%).

1. Parte teórica.- Dará lugar ó 30% da nota da avaliación.

Elemento avaliador: proba teórica. A cualificación será numérica O resultado ha de ser como mínimo de 5 sobre 10 para poder facer media coa parte práctica.

O alumno que chegue 10 minutos tarde á realización dunha proba teórica non poderá examinarse e constará como non presentado.

O alumnado debe ter en conta que todo o explicado en clase é susceptible de ser preguntado na proba teórica.

2. Parte práctica.- Dará lugar ó 60% da nota da avaliación.

Elementos avaliadores: Listas de cotexo dos traballos entregados, listas de cotexo do dossier cas memorias das actividades das UD e traballos en equipo.

Todos os elementos prácticos avaliados deben estar aprobados cun 50% da nota que supoñan.

Os traballos prácticos de realización na aula que se entreguen fora de prazo, recibirán unha redución da nota acadada correspondente co retraso da entrega, debido á importancia no taller de próteses de adecuarse ós prazos de entrega esixidos. Cando hai un retraso notable, este pode supor o suspenso da práctica.

A nota final corresponde á media ponderada dos elementos avaliados . O resultado ha de ser como mínimo de 5 sobre 10 para facer media coa parte teórica.



3. Traballo e orde na clase/laboratorio.- Dará lugar ó 10% da nota da avaliación.

Elementos avaliadores: Taboa de observación na que se valorarán os seguintes ítems relacionados coa súa futura labor profesional:

- Seguemento das instrucións.
- Hábito de traballo, limpeza e orde do posto de traballo e da aula.
- Participación no equipo.
- Iniciativa e aportación de ideas novidosas.
- Respecto ás opinións dos compañeiros e profesores.
- Responsabilidade na realización das tarefas.
- Calidade e cantidade do traballo realizado.
- Respecto ás instalacións, os equipamentos e os materiais.
- Cumprimento das normas de seguridade e prevención de riscos no traballo.
- Xestión adecuada dos residuos e protección do medioambiente.

A cualificación será de tipo cuantitativa.

A nota final corresponderá á suma das porcentaxes de todos os contidos. Para o cálculo da nota final é preciso obter como mínimo unha cualificación de 5 nos apartados teóricos e prácticos.

No caso de non obter unha cualificación de 5 nos dous apartados, a nota da avaliación será a correspondente á parte (teórica ou práctica) non superada.

O alumnado deberá realizar todas as tarefas obrigatoriamente, en tempo e forma.

Os exames ensinaranse ó alumnado correxidos e calificados e quedarán arquivados en poder da profesora.

Se durante o desenvolvemento das probas os alumnos incorren no uso de medios dixitais non autorizado previamente pola profesora, de dispositivos dixitais (teléfono, auriculares, etc.) ou en calquera outra circunstancia que altere o normal desenvolvemento da proba ou actividade, e que comprometa a seguridade do grupo (particularmente no caso das probas procedimentais) serán expulsados da aula e a proba será calificada como non superada (suspensa).

A detección de fraude na realización de calquer instrumento de avaliación por parte do alumno dará lugar a unha cualificación de 0 puntos en dito instrumento.

No caso de que un alumno sexa responsable da desaparición/rotura dun traballo dun compañeiro, a profesora non correxirá os seus traballos prácticos xa que non se terá a seguridade da súa autoría. O alumno será avaliado mediante un exame práctico de todas as actividades prácticas desa avaliación no periodo de recuperación.

A nota media obtida en cada avaliación a partir do cálculo de todas as probas feitas polo alumnado será representada no acta co número enteiro desa nota media, sen decimais.

Para facilitar o proceso de aprendizaxe na aula queda prohibido o uso de teléfonos móbiles, tabletas ou calqueira outro medio dixital, agás o suxerido de modo puntual pola profesora na aula con fines didácticos.

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

Ainda que a avaliación é continua, para o alumnado que non supere algunha das avaliacións parciais, programaranse actividades de recuperación consistentes no repaso das unidades didácticas e actividades prácticas.

Segundo o artigo 29 da Orde do 12 de Xullo de 2011 de desenvolvemento, avaliación e acreditación académica do alumnado das ensinanzas de formación profesional inicial (DOG 15 de xullo de 2011), o alumnado que teña módulos pendentes entre a 3ª avaliación parcial e a final de módulos, deixarase un periodo non superior a 3 semanas que, entre outras actividades, destinarase á realización de actividades de recuperación dos módulos pendentes, deseñadas en base ó informe individualizado, elaborado polo equipo docente logo de realizada a 3ª avaliación.

A proba de recuperación consistirá nunha proba de avaliación teórica e outra práctica, segundo as UD que teña pendentes. A cualificación será a seguinte:

- Proba teórica: 30% do peso da cualificación.
- Proba práctica: 70% do peso da cualificación.

A cualificación de cada proba terá un valor entre 0 e 10 puntos. É preciso ter en cada unha das probas unha puntuación mínima de 5 puntos para aplicar as porcentaxes e calcular a nota final. A proba teórica escrita correxirase antes, debendo superar a puntuación mínima de 5 puntos para poder realizar a proba práctica.

A proba práctica desenvolverase ao longo de varias sesións, facéndose as necesarias para abarcar os contidos prácticos de todo o módulo.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

Segundo o artigo 25 da Orde do 12 de xullo de 2011 Do Desenvolvemento, avaliación e acreditación académica do alumnado das ensinanzas de FP e a resolución do 24 de xullo de 2018: Instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de FP no curso 2018/19 o número de faltas que implica a perda do dereito á avaliación continua nun determinado módulo será do 10 % de faltas inxustificadas respecto da súa duración total.



Xustificación faltas: Motivos persoais: saúde e/ou imperativo legal. Motivos laborais.

O alumnado que perda o dereito á avaliación continua, por razóns de inasistencia reiterada e non sexa posible utilizar os instrumentos de avaliación previstos inicialmente para o módulo profesional, terá dereito a realizar unha proba extraordinaria de avaliación previa á avaliación final do módulo, que consistirá en:

- Unha proba escrita que reunirá os contidos das unidades didácticas, que suporá o 30% da nota final.
- Unha proba práctica, na que haberá que realizar no laboratorio de próteses dentais unha ou varias actividades recollidas na programación como tarefas do alumnado, e que suporá o 70% restante da nota final.

Temporalización da avaliación extraordinaria:

Primer día: proba teórica. Proba escrita que reunirá a maior parte dos contidos e das tarefas asociadas a cada Unidade Didáctica.

Segundo día: Se se supera a proba anterior cunha nota igual ou maior a 5, realizarase a proba práctica no laboratorio de próteses dentais.
Esta proba ha de superarse cunha nota igual ou maior a 5.

A nota final do módulo resultará de facer a media ponderada das notas das dúas probas realizadas.

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

O seguimento da programación será documentado por cada docente no modelo Seguimento da Programación (MD.75.PRO.03) dando conta mensualmente nas reunións de equipo docente, nas que se presentará devandito documento. No caso de modificacións, deixarase copia anexa do documento de seguimento anexo á acta de Reunión do equipo docente ou do Departamento da familia profesional.

Os principais indicadores do grado do cumprimento da programación serán:

- O grado de cumprimento da temporalización.
- O logro dos obxectivos programados.

Ó remate do curso, realizarase a memoria final do módulo según o modelo establecido (MD.75.PRO.04), na que se incluírán tódalas propostas de mellora feitas durante o curso e que servirán de base para a



elaboración da programación o vindeiro curso.

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Realizarase a avaliación inicial do alumnado a través dos cuestionarios iniciais para detectar os coñecementos previos en relación ó módulo. Observarase ó alumnado nas primeiras semanas do curso e emitírase un informe para o titor/a.

O titor/a recabará os informes individualizados do alumnado repetidor, información de estudos académicos, ditames específicos do alumnado con calquer tipo de discapacidade, con necesidades educativas especiais e experiencia laboral previa.

Segundo o artigo 28 da Orde do 12 de Xullo de 2011, o/a titor/a levantará acta dos acordos da sesión de avaliación inicial do equipo docente, e remitirá copia á xefatura de estudos.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

Para o alumnado que presente carencias importantes na formación básica ou formación profesional de base que lle impida conseguir un aproveitamento aceptable nas sesións de ensinanza e aprendizaxe facilitaráselle conceptos de apoio e soporte.

1. Reforzarase a realización de traballos para que comprendan o máis esencial dos criterios de avaliación de cada unidade a modo de contidos mínimos, indicando os obxectivos e contidos básicos do módulo que se deben de acadar.
2. Propoñeranse actividades alternativas con distinto grado de dificultade para abordar aqueles contidos que sexan de dificultade para o alumno/a, aportando instrucións máis detalladas ou diversas para abordar exercicios, traballos, actividades e probas.
3. Traballarase con distintos agrupamentos de alumnos/as para favorecer a participación, a inclusión e a execución das actividades propostas.
4. Flexibilizarase, na medida do posible, os tempos necesarios para a realización das probas.



9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

Durante o desenvolvemento do curso prestaremos atención especial ós seguintes temas

- Igualdade entre mulleres e homes.
- Inclusión do alumnado con discapacidade e necesidades educativas especiais.
- Aprendizaxe cooperativo.
- Educación intercultural.
- Educación ambiental, xa que é fundamental fomentar o respecto ó medio ambiente e o correcto emprego dos medios dos que se dispón.
- Educación para a saúde, como a hixiene postural, seguridade e hixiene no traballo e prevención de enfermidades. Prestaremos atención ós riscos no laboratorio protésico.
- Educación para a paz. Valoración da importancia da colaboración co equipo de traballo no laboratorio e o respecto mutuo entre profesores/as e alumnos/as, como base fundamental da convivencia.
- Resolución de conflitos.
- Fomento de valores.

Ademáis, fomentárase a participación de forma activa/pasiva en todas aquelas actividades propostas pola comunidade educativa que teñan que ver cos temas descritos anteriormente.

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

As actividades previstas durante o curso escolar sempre que estén incluídas nos acordos establecidos no R.R.I. e poidan levarse a cabo no desenvolvemento da programación. A temporalización repartirase nos tres trimestres dependendo das dispoñibilidades orzamentarias e da programación.

COMPLEMENTARIAS:

- Visitas a laboratorios protésicos ou centros de fresado e sinterizado onde o alumno/a poida coñecer a maquinaria, programas informáticos ou avances tecnolóxicos ós que non teñen acceso no aula, coa intención de completar a súa formación.
- Visitas a feiras de exposición de equipamentos dentais.



EXTRAESCOLARES:

- Charlas, coloquios sobre Normas de Seguridade e Hixiene.
- As actividades que xurdan ao longo do curso, que os orzamentos do ciclo poidan pagar, sempre que sexa autorizado polo Consello Social.

10.Outros apartados

10.1) Temas transversais.

Fomentarase no alumnado o uso das TIC, o cumprimento da normativa en materia de seguridade, hixiene e prevención de riscos laborais, a axeitada xestión de residuos sanitarios e a protección ambiental. Adicarase especial atención á resolución de conflitos na aula, á educación en valores, á inclusión do alumnado con necesidades educativas especiais, e á igualdade entre homes e mulleres.